

O autor premiado en Dodro co Eusebio Lorenzo non puido asistir ó acto de entrega

U. L. | SANTIAGO

■ Os veciños de Dodro acudiron o domingo á chamada do Concello para o acto de entrega do XV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, que recaeu no autor nado en 1969 en Bos Aires Eduardo Estévez pola súa obra *Caderno apócrifo da pequena defunta*. Non obstante, o premiado non asistiu ó acto por atoparse en Bélxica por motivos profesionais pero no seu nome falou Helena Villar.

Tras facer unha loubanza da figura do poeta de Laiño, Villar Janeiro lembrou o concepto de mar na póetica de Eusebio Lorenzo, en alusión ó triste protagonismo que teñen estes días as augas galegas.

Helena Villar tamén transmitiu as palabras do premiado para quen gañar o premio de Dodro é «un gran orgullo». Ademais, de agora en adiante vese obrigado a traballar arreo e «moi conscientemente» no mundo da poesía. Sobre a obra gañadora, a moderadora do acto de entrega do premio adiantou que é un libro feito por un home con «voz feminina», de gran calidade, «contado e cantado como se fose unha muller», algo que sorprendeu gratamente ó Xurado.

O acto reuniu en Dodro ás máximas autoridades locais e de Rianxo, ademais de representantes de Sargadelos e, por suposto, da cultura galega.